

**REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS
DA
UNIVERSIDADE DE VIGO**

A Lei Orgánica de Universidades, no seu art.. 34.3, outórgalles ás universidades, en uso da súa autonomía, a posibilidade de dispensar ensinanzas conducentes á obtención de diplomas ou títulos propios, así como ensinanzas de formación ó longo de toda a vida. Os devanditos diplomas ou títulos carecerán dos efectos que as disposicións legais lle outorguen ós títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

TÍTULO I

DESCRIPCIÓN DOS ESTUDIOS

Artigo 1.

1. A presente normativa refírese ás ensinanzas de posgrao e a outros cursos acreditados mediante un título propio, diploma e/ou certificado da Universidade de Vigo. As devanditas ensinanzas responderán a criterios de interese científico, cultural, artístico ou profesional e non substituirán ás ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do estado español.

2. As ensinanzas de posgrao e outros cursos propios da Universidade de Vigo rexeranse polas disposicións legais vixentes que lle sexan de aplicación e por este regulamento.

Artigo 2.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación do presente regulamento:

- a) as ensinanzas de grao propias da Universidade de Vigo que se rexerán por unha normativa específica, e
- b) os cursos de especialización realizados por petición de empresas ou organismos públicos ou privados distintos da Universidade, regulamentados en base ó artigo 83 da L.O.U. e normativa correspondente.

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 1

**REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS
DA**

UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 3.

A denominación dos títulos propios da Universidade de Vigo nunca poderán coincidir coa dos homologados oficialmente, nin inducir á confusión con estes. Asemade, non poderán incorporalos elementos identificativos que a lexislación vixente estableza para os títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio do estado español, expedidos no nome de El-Rey polo rector.

En todo caso os títulos, diplomas e certificados a que dean lugar ás ensinanzas propias da Universidade de Vigo carecerán dos efectos académicos

plenos e da habilitación para o exercicio profesional que as disposicións legais outorguen ós títulos universitarios oficiais que compete establecer ó Goberno.

Artigo 4.

1. A Universidade de Vigo só outorgará aqueles títulos, diplomas ou certificados correspondentes a ensinanzas de posgrao e outros cursos establecidos no presente regulamento e ó abeiro do disposto no mesmo.

2. Os centros, departamentos, institutos ou aqueloutras estruturas previstas nos Estatutos da Universidade de Vigo, así como os membros da comunidade universitaria, só poderán organizar, previa autorización da

Comisión de Organización Académica e de Profesorado (C.O.A.P.) , cursos ou seminarios de perfeccionamento dirixidos exclusivamente á membros da comunidade universitaria, conducentes a certificados de asistencia ou participación expedidos polo correspondente director ou decano.

Artigo 5.

Ningún certificado ou diploma emitido por un centro, departamento e/ou instituto universitario pertencente ou adscrito á Universidade de Vigo poderá coincidir na súa denominación, inducir á confusión, nin incorpora-los elementos identificativos dos títulos e/ou certificados propios da Universidade de Vigo establecidos ó abeiro do presente regulamento.

Artigo 6.

As ensinanzas conducentes á obtención de certificados, diplomas ou títulos propios de posgrao da Universidade de Vigo dividiranse en:

a) ENSINANZAS DE POSGRAO: serán aquelas que versen sobre campos do saber propios dos estudos de procedencia ou de carácter intercurricular e interdisciplinar, especialmente orientadas á aplicación profesional dos ditos saberes.

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 2

REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS DA

UNIVERSIDADE DE VIGO

b) OUTROS CURSOS: serán aqueles dirixidos fundamentalmente á capacitación, ampliación ou actualización de coñecementos, técnicas ou habilidades que os membros da comunidade universitaria ou profesionais alleos á mesma poden necesitar para o mellor desenvolvemento das súas funcións, así como a impulsa-lo desenvolvemento científico, técnico, artístico e cultural dos membros da comunidade universitaria e de persoas alleas á mesma..

Artigo 7.

A duración das ensinanzas propias da Universidade de Vigo establecerase en créditos, o seu valor será o que marque a normativa vixente no seu momento.

TÍTULO II

CARACTERÍSTICAS E RÉXIME DE ACCESO

Artigo 8.

ENSINANZAS DE POSGRAO: son aqueles estudos dunha duración temporal non superior a dous anos, cunha denominación concreta e non necesariamente mantidos durante o tempo. As ensinanzas de posgrao estrutúranse en dous tipos:

a) MÁSTER UNIVERSITARIO

b) ESPECIALISTA UNIVERSITARIO

Artigo 9.

1. MÁSTER UNIVERSITARIO: son aquelas ensinanzas propias de posgrao orientadas a proporcionar un alto nivel de formación, dirixidas a tilados universitarios.

2. Deberán ser impartidas como mínimo durante un ano académico e terán unha carga lectiva mínima de 50 créditos entre teóricos e prácticos.

3. A superación das devanditas ensinanzas dará dereito á obtención do título de Máster en...

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 3
REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS
DA
UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 10.

1. ESPECIALISTA UNIVERSITARIO: son aqueles estudos de posgrao dirixidos a:

- a) titulados/as universitarios de primeiro e segundo ciclo,
- b) alumnos/as dunha licenciatura ou equivalente cos tres primeiros cursos superados, e
- c) profesionais directamente relacionados coa especialidade do título que reúnan os requisitos legais para cursar estudos universitarios e acrediten un mínimo de 3 anos de experiencia profesional.

2. As ensinanzas de especialista universitario comprenderán, como mínimo, 20 créditos lectivos entre teóricos e prácticos, que deberán ser impartidos como mínimo durante un semestre.

3. A superación das devanditas ensinanzas dará dereito á obtención do título de Especialista en...

Artigo 11.

Tanto nas ensinanzas conducentes ó título de máster como nas conducentes ó título de especialista poderán definirse especialidades, entendendo como tales as que xorden da intensificación dos contidos docentes vinculados a unha área temática específica. A dita intensificación ou especialización deberá xustificarse na solicitude da ensinanza e, para ser considerada, deberá ser superior ós 10 créditos nas ensinanzas de mestrado e a

5 nas ensinanzas conducentes ó título de especialista.

Artigo 12.

OUTROS CURSOS: son estudos dunha duración temporal inferior a un ano, coa finalidade de contribuír á especialización, actualización e mellora da cualificación profesional, mediante a formación ó longo de toda a vida, e á difusión do coñecemento e da cultura entre toda a poboación. Estructúranse en dous tipos:

- a) CURSOS DE FORMACIÓN
- b) CURSOS COMPLEMENTARIOS

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 4
REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS
DA
UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 13.

1. Os CURSOS DE FORMACIÓN: comprenderán como mínimo 3 créditos lectivos e como máximo 20, e estarán dirixidos a:

- a) Titulados/as universitarios de primeiro e segundo ciclo,
- b) Alumnos/as da universidade,
- c) profesionais directamente relacionados coa especialidade, sempre e cando reúnan os requisitos legais para cursar estudos universitarios, e

d) de xeito excepcional e sempre que non superen o 50% do total dos alumnos do curso, poderán ser admitidos ós mesmos profesionais relacionados coa especialidade que non reúnan os requisitos legais de acceso á universidade.

2. A superación das devanditas ensinanzas dará dereito á obtención dun diploma expedido pola Universidade de Vigo.

Artigo 14.

1. Os CURSOS COMPLEMENTARIOS: comprenderán como mínimo 1 crédito lectivo e como máximo 10, e estarán dirixidos a:

- a) membros da comunidade universitaria, e
- b) persoas alleas á mesma que acrediten uns estudos mínimos equivalentes a 2º de bacharelato.

2. A participación nas ensinanzas correspondentes a cursos complementarios dará dereito á obtención dun certificado de asistencia expedido pola Universidade de Vigo.

TÍTULO III

AUTORIZACIÓN, ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN

Artigo 15.

A coordinación, seguimento e avaliación xeral dos títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo serán realizadas polo vicerrektorado competente a través das estrutura que considere máis axeitada.

VICERREKTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 5

REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS DA

UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 16.

1. A organización, realización e responsabilidade académica das ensinanzas de posgrao corresponde ós centros (propios ou adscritos), departamentos, institutos universitarios e aqueloutras estruturas previstas nos *Estatutos da Universidade de Vigo*. Poderán ser organizados tamén por varios departamentos, centros ou institutos cando así o esixa o seu carácter interdisciplinar ou intercurricular. En calquera caso, a iniciativa poderá corresponder así mesmo ó rector ou a calquera dos órganos representativos da universidade.

2. No caso dos cursos de formación e dos cursos complementarios a organización poderá corresponderlle, amais, ás seccións delegadas dos centros, seccións departamentametais e/ou membros da comunidade universitaria en xeral.

3. Na organización das devanditas ensinanzas tamén poden participar institucións, entidades ou organismos públicos ou privados alleos á Universidade de Vigo, logo da sinatura dun convenio específico de colaboración. No mesmo recollerase a constitución dunha *Comisión de seguimento* integrada por representantes de tódalas partes signatarias do convenio na proporción que o mesmo estableza. A función da dita comisión será o seguimento das ensinanzas.

4. No caso de títulos con obxectivos análogos ou concordantes impartidos por outras universidades, a Universidade de Vigo, mediante convenio, poderá establecer o recoñecemento recíproco destes.

5. Poderanse organizar, mediante o correspondente convenio, títulos propios compartidos con outras universidades. En todo caso, a participación da Universidade de Vigo deberá ser, alomenos, similar á das outras universidades organizadoras. Asemade, os requisitos e demais condicións dos mesmos deberán especificarse no correspondente convenio.

Artigo 17.

1. As propostas de organización de títulos propios de posgrao e outros cursos, dirixidas ó rector da Universidade de Vigo e co informe favorable da correspondente Xunta de Centro, Consello de Departamento ou Instituto Universitario ou daquelas outras estruturas previstas nos *Estatutos da Universidade de Vigo*, presentaranse no vicerrektorado competente.

VICERREKTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 6 REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

2. No caso dos cursos de posgrao (máster e especialista), as propostas deberán presentarse cunha antelación mínima de tres meses ó comezo de cada curso académico e/ou do comezo do curso de posgrao que corresponda.

3. Para os cursos de formación e para os cursos complementarios, as propostas deberán presentarse cunha antelación mínima de dous meses á data de inicio do correspondente curso de formación e/ou curso complementario.

Artigo 18.

Para o seu informe, as propostas de títulos propios deberán ir asinadas polo/a profesor/a proposto/a para dirixi-lo estudio e autorizadas polo responsable do centro, departamento, instituto ou estrutura organizadora, acompañadas dunha memoria xustificativa (segundo modelo oficial que se recolle no Anexo I do presente regulamento) que conteña, alomenos:

I.- PROPOSTA ACADÉMICA

1. Portada: na que figurará o título do curso e os datos relativos á aprobación polo órgano colexiado correspondente á dependencia organizadora.
2. Datos xerais do curso: tipo de curso, edición, dependencia universitaria organizadora, institucións colaboradoras, proposta de director e codirector, datas de inicio e finalización, modalidade, número máximo e mínimo de prazas, número total de créditos, créditos teóricos e prácticos e -se fose o caso- proposta de créditos a validar por Libre Elección.
3. Definición de obxectivos e xustificación académica e social das ensinanzas.
4. Destinatarios, condicións de acceso e criterios de selección, se fose o caso.
5. Programación académica: contidos básicos das ensinanzas:
 - 1) Módulos Teóricos.
 - 2) Prácticas.
6. Profesorado responsable da docencia, indicando (segundo o curso do que se trate) se ten o título de doutor, máster ou especialista:
 - 1) Profesorado da Universidade de Vigo.
 - 2) Profesorado doutras universidades
 - 3) Profesorado doutras institucións ou organismos.
7. Persoal de Administración e Servicios do curso, se fose o caso.
8. Sistema de avaliación e requisitos para a obtención do título.

II.- PROPOSTA ECONÓMICA

1. Previsión de gastos.
2. Previsión de ingresos, sobre o número mínimo de alumnos.
3. Solicitude de alta do curso.

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 7
REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS
DA
UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 19.

1. No caso das ensinanzas de posgrao, a proposta de director/a do curso deberá recaer nun profesor ou profesora da Universidade de Vigo co grao de doutor/a, máster ou especialista (segundo o curso do que se trate).
2. Se a dirección dun curso de formación ou curso complementario recaese nunha persoa que non pertenza á Universidade de Vigo, deberá contar como codirector cun profesor ou profesora pertencente a ela.

Artigo 20.

1. Nas ensinanzas de posgrao, como mínimo, un tercio (1/3) do profesorado que dispense o curso será da Universidade de Vigo. Naqueles casos nos que a temática non corresponda con campos do saber dos centros, departamentos ou institutos existentes na mesma, o tercio de profesorado propio poderá ser substituído por profesorado doutras universidades.
2. Nas ensinanzas que dean lugar a un título de máster, un tercio do profesorado que dispense o curso posuirá o título de doutor ou mestrado. Nas ensinanzas que dean lugar a un título de especialista, un tercio do profesorado que dispense o curso posuirá o título de doutor, mestrado ou especialista universitario.
3. No caso das ensinanzas conducentes ó título de especialista universitario das que a súa proposta estea directamente relacionada con ámbitos das áreas de coñecemento específicos de só 1º ciclo, ata un máximo do 75% da docencia poderá estar impartida por titulados de 1º ciclo e/ou especialistas non titulados de recoñecido prestixio (neste caso deberán acreditar un mínimo de 2 anos de experiencia profesional relacionada co ámbito do curso).

Artigo 21.

1. Recibida a proposta no vicerrektorado correspondente, será valorada pola C.O.A.P. para a súa remisión e posterior aprobación, se procede, polo *Consello de Goberno da Universidade de Vigo*, no caso das ensinanzas de posgrao e para as primeiras edicións das mesmas.

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 8
REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS
DA
UNIVERSIDADE DE VIGO

2. A aprobación das propostas de cursos de formación, cursos complementarios e reedicións das ensinanzas de posgrao será competencia da devandita COAP, tendo en conta o indicado no apartado 2 do artigo 23 do presente regulamento. No caso de que existan cambios na programación académica dunha reedición de ensinanzas de posgrao, a proposta deberá someterse de novo ó dictame do *Consello de Goberno*.
3. Para a elaboración da súa proposta de resolución, a COAP poderá recaba-los informes técnicos que estime oportunos, tanto dos órganos colexiados da universidade como, no seu caso, dos expertos ós que estime necesario consultar.
4. Unha vez aprobada unha proposta de ensinanza de posgrao, curso de

formación e/ou curso complementario, de forma excepcional e debidamente xustificadas, poderanse solicitar modificacións puntuais da mesma á C.O.A.P. e só serán efectivas cando sexan aprobadas por esta. Artigo 22.

1. No prazo máximo de tres meses despois da data de finalización dos estudos o director ou directora dos mesmos presentaralle ó vicerrektorado competente unha memoria final, (segundo o modelo oficial recollido no Anexo II do presente regulamento), que conteña, alomenos:

I.- MEMORIA ACADÉMICA FINAL

1. Portada.

2. Datos xerais relativos ó curso: tipo de curso, código, dependencia universitaria organizadora, institucións colaboradoras, director e codirector, datas de inicio e finalización, número de alumnos matriculados e número de alumnos que acadaron o título, diploma e/ou certificado.

3. Relación de alumnos matriculados con indicación –se procede- da cualificación de apto ou non apto acadada por cada un deles. No caso dos aptos indicárase o título ó que teñen dereito segundo as condicións de acceso.

4. Contidos básicos das ensinanzas (só no caso de modificacións respecto da proposta):

1. Módulos Teóricos.

2. Prácticas.

5. Profesorado responsable da docencia, indicando (segundo o curso do que se trate) se ten o título de doutor, máster ou especialista, número de créditos impartidos por módulo e totais, Euros/crédito e total de Euros:

VICERREKTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 9

REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS DA

UNIVERSIDADE DE VIGO

1. Profesorado da Universidade de Vigo

2. Profesorado doutras universidades

3. Profesorado doutras institucións ou organismos

6. Persoal de Administración e Servicios do curso, se fose o caso.

II.- MEMORIA ECONÓMICA FINAL

1. Liquidación definitiva do orzamento de ingresos e gastos.

2. Inventario de bens e informe polo miúdo da xestión dos recursos económicos.

2. Calquera solicitude dunha nova edición dun título propio só será autorizada previo informe favorable sobre a *Memoria académica final* por parte do vicerrektorado competente e sobre a *Memoria económica final* por parte do *Servicio de contabilidade* e do *Consello Social da Universidade de Vigo*.

TÍTULO IV

RÉXIME DE ACCESO, PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA

Artigo 23.

1. Os aspirantes deberán reuni-los requisitos sinalados con carácter xeral no Título II do presente regulamento e os específicos que se poidan establecer para cada unha das ensinanzas de posgrao, cursos de

formación e cursos complementarios.

2. O acceso por parte de quen estea en posesión dun título superior estranxeiro non homologado farase de conformidade co artigo 3.2 do Real Decreto 56/2005, de 21 de xaneiro, por autorización do rector da Universidade de Vigo, logo do informe favorable do director ou directora da ensinanza da que se trate e despois da comprobación de que aqueles acrediten un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos españois de Grao ou equivalentes e que faculden no país expedidor do título para o acceso a estudos de Posgrao. Para iso, os interesados presentarán unha solicitude ao director ou directora do curso, acompañando certificación ou fotocopia compulsada dos estudos realizados e do título que posúan. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título estranxeiro que posúa o interesado, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os estudos de Posgrao.

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 10

REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS DA

UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 24.

1. A responsabilidade sobre a inscrición e selección de alumnos corresponderá á dirección das ensinanzas, que contará coa axuda administrativa e informática da *Sección de Títulos e Planos de estudio da Universidade de Vigo* ou estrutura na que estean delegadas as funcións.
2. Unha vez aprobada e publicada a proposta de ensinanza de posgrao, curso de formación ou curso complementario, o director ou directora da mesma deberá facer pública-los criterios de selección, o prazo e lugar no que se fará a preinscrición e a data de publicación da lista de admitidos. Igualmente, deberá facer público o número de bolsas ofrecido e o procedemento a seguir por aqueles alumnos que desexen solicitálas.
3. Cando o número de aspirantes supere o das prazas ofrecidas, o director ou directora aplicará os criterios de selección aprobados na proposta e fará públicos os resultados desta aplicación na data establecida. Os alumnos ós que se lle denegue a admisión disporán dun prazo de cinco días hábiles, contado desde a notificación do resultado, para presentar un recurso ante o director ou directora do curso, quen deberá resolver en prazo suficiente antes do inicio do curso.

Artigo 25.

1. A matrícula das ensinanzas de posgrao, cursos de formación e cursos complementarios realizarase unha vez aprobados polos órganos competentes e nos prazos que especifique o proxecto de implantación correspondente e segundo o procedemento que a *Universidade de Vigo* considere máis apropiado.
2. No caso dos cursos de posgrao, excepcionalmente permitirase a matrícula por módulos soltos, sempre e cando estea previsto e convenientemente xustificado na proposta do estudio correspondente.

Artigo 26.

En aplicación do establecido legalmente, os alumnos que se matriculen nos cursos de posgrao, cursos de formación e cursos complementarios non estarán incluídos dentro do ámbito de aplicación do Seguro Escolar.

Artigo 27.

1. A anulación da matrícula, antes do inicio das clases, poderá solicitarse mediante escrito dirixido ó director ou directora do curso. Esta anulación dará dereito á devolución das taxas aboadas, sempre e cando o número

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 11

REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS DA

UNIVERSIDADE DE VIGO

de alumnos matriculados sexa superior ó número mínimo establecido para a probación do curso.

2. A anulación da matrícula unha vez iniciado o desenvolvemento dos estudos non dará dereito á devolución das taxas aboadas, agás casos excepcionais e debidamente xustificados naqueles cursos que teñan un resultado económico positivo.

3. A matrícula será anulada de oficio cando se produza o impago de algún dos prazos establecidos.

Artigo 28.

1. No caso das ensinanzas de posgrao (máster e especialista), os alumnos poderán solicita-la validación de ata un máximo do 50% do total dos créditos esixidos para a obtención do título que corresponda por outros estudos de posgrao e/ou cursos de formación previamente realizados.

2. A solicitude de validación farase no centro, departamento ou instituto organizador dos estudos. O director ou directora dos mesmos elaborará un informe sobre a posible validación que remitirá ó centro, departamento ou instituto organizador para a súa resolución polo seu órgano colexiado correspondente. Resoltas favorablemente, darase conta das mesmas á *Sección de Títulos e Planos de estudio da Universidade de Vigo*.

3. A validación implicará o pago do 25% das taxas correspondentes ós créditos validados.

TÍTULO V

RÉXIME DE FINANCIACIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA

Artigo 29.

1. Os estudos correspondentes a títulos propios de posgrao e outros cursos da *Universidade de Vigo* funcionarán sempre en réxime de autofinanciamento. En ningún caso poderán utilizarse fondos do presuposto ordinario da *Universidade de Vigo* para subvencionar totalmente ou en parte estes estudos.

2. O presuposto presentado deberá ser equilibrado entre ingresos e gastos.

3. O financiamento poderá facerse por calquera das seguintes canles, ou por varias simultaneamente:

a) Taxas de matrícula dos estudantes.

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 12

REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS DA

UNIVERSIDADE DE VIGO

b) Subvencións públicas ou privadas mediante convenio.

c) Outros ingresos que se especificarán na proposta de memoria económica correspondente.

Artigo 30.

As taxas de matrícula das ensinanzas propias de posgrao e outros cursos

serán establecidas polo *Consello Social da Universidade de Vigo* para cada curso

académico.

Artigo 31.

O 13% dos ingresos brutos do curso, (excluído o 5% correspondente a bolsas), será retraído a favor da Universidade de Vigo en concepto de custos indirectos. Deste 13% retraído, o 10% retraerase a favor da Universidade e o 3%

restante a favor da dependencia organizadora do curso.

Artigo 32.

A autorización das ensinanzas propias da *Universidade de Vigo* por parte do *Consello de Goberno* e/ou da COAP comportará a concesión automática para

o profesorado e o P.A.S. propio da compatibilidade, tanto para as actividades docentes como para a percepción das retribucións que por iso lle correspondan segundo a lexislación vixente.

Artigo 33.

1. O importe correspondente á matrícula das ensinanzas propias de posgrao e outros cursos que sexan xestionados economicamente pola *Universidade de Vigo*, será ingresado na entidade bancaria que a *Xerencia* da mesma designe para tal efecto, correspondendo a esta a xestión dos pagos incorridos a instancias da dirección dos estudos e conforme a regulamentación vixente na *Universidade de Vigo*.

2. A dirección dos estudos e da entidade organizadora responderán do adecuado cumprimento do orzamento aprobado e de calquera obriga ou prexuízo derivados da súa actuación, de acordo co que para o efecto dispoña a lexislación vixente, podendo a *Universidade de Vigo* resarcirse dos danos que lle fosen causados como consecuencia da actuación daquelas.

Artigo 34.

A xestión económica poderá delegarse nunha fundación da *Universidade de Vigo* ou noutras institucións, entidades ou organismos públicos, se iso queda

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 13

REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS DA

UNIVERSIDADE DE VIGO

recollido no correspondente convenio de colaboración suscrito coa Universidade de Vigo. Neste caso, a entidade xestora será a responsable do adecuado cumprimento do orzamento aprobado para a ensinanza da que se trate.

Artigo 35.

1. No suposto excepcional de que se producise algún tipo de superávit, o importe do mesmo revertirá no presuposto da estancia universitaria responsable da organización do curso, que o poderá adicar á mellora de instalacións, compra de material funxible ou inventariable, publicacións e calquera outra actividade, agás retribucións do persoal vinculado ó curso..

2. No suposto excepcional de desfase orzamentario non previsto, o centro, departamento, instituto universitario ou aquloutras estruturas previstas nos *Estatutos da Universidade de Vigo* responsable da organización do

curso asumirá o déficit económico ocasionado.

TÍTULO VI

REXISTRO E EXPEDICIÓN DE TÍTULOS PROPIOS

Artigo 36

De acordo co establecido legalmente, os certificados, diplomas ou títulos propios ós que conduzan as ensinanzas de posgrao, cursos de formación e cursos complementarios aprobados pola *Universidade de Vigo*, serán consignados nun libro de rexistro específico de títulos propios de posgrao e outros cursos establecido pola Universidade de Vigo, con carácter centralizado, e en análogas condicións de identificación, custodia, certificación e carácter público que o rexistro relativo ós títulos oficiais.

Artigo 37

1. Os títulos propios da Universidade de Vigo serán outorgados polo rector.

2. Nos mesmos deberá figura-lo nome e os dous apelidos do interesado, a data de nacemento, o nome completo do curso e código, os créditos ou horas de duración, a data de expedición, número de rexistro do libro e coas rúbricas do xefe de servizo, do rector e do interesado. O título levará no seu reverso a descrición das ensinanzas que forman o programa de estudos detallando as materias ou módulos, créditos e

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 14

REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS DA

UNIVERSIDADE DE VIGO

actividades do mesmo. Indicarase tamén a titulación previa ou os requisitos a través dos que se accede ó curso.

Artigo 38.

No caso de ensinanzas organizadas conxuntamente con outras universidades ou recoñecidas reciprocamente mediante convenio, faranse constar estas circunstancias no título expedido.

Artigo 39.

Os gastos de expedición de diplomas e/ou títulos propios establecidos polo *Consello Social da Universidade de Vigo*, serán aboados polos interesados.

Artigo 40.

1. A obtención do título ou diploma ó que dan lugar as ensinanzas de posgrao e/ou os cursos de formación só poderá acadarse unha vez superado o proceso de avaliación que se establecese nas correspondentes propostas.

2. A simple asistencia non dará lugar en ningún caso á obtención do título ou diploma.

3. En todo caso, aqueles/as alumnos/as que asistisen con regularidade ás ensinanzas pero non superasen as probas de avaliación, poderán solicitar un certificado de asistencia, que será expedido polo director ou directora dos estudos dos que se trate.

Artigo 41.

A *Universidade de Vigo* poderá denega-la expedición de títulos e diplomas cando os/as alumnos/as tivesen pagos pendentes de satisfacer correspondentes

ó título en cuestión, ou ben, cando, admitidos no seu momento de xeito condicionado, non tivesen acreditado debidamente con posterioridade os

requisitos de acceso ó mesmo, ou no caso de quen estea en posesión dun título estranxeiro, non conte coa súa homologación.

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 15

REGULAMENTO DE TÍTULOS PROPIOS DE POSGRAO E OUTROS CURSOS DA

UNIVERSIDADE DE VIGO

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Ó abeiro do art.. 81.3.c da LOU os prezos das ensinanzas de posgrao, outros cursos e os referidos ás demais actividades autorizadas á *Universidade de*

Vigo serán establecidos polo *Consello Social* da mesma, para cada curso académico.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As ensinanzas propias de posgrao e outros cursos aprobadas con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento que se encontren en execución ou que se iniciasen con anterioridade á aprobación deste regulamento rexeranse, ata a conclusión desa edición, pola normativa existente no momento da súa aprobación polo *Consello de Goberno da Universidade de Vigo*.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

O presente regulamento anula calquera outro acordo ou disposición de igual ou inferior rango que se opoña a el.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ó da súa aprobación polo *Consello de Goberno da Universidade de Vigo*.

DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR

que o presente *Regulamento de Títulos propios de posgrao e outros cursos* foi aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión realizada o vinte e dous de xullo de dous mil tres e que os seus artigos 9 e 23 foron modificados na sesión que tivo lugar o cino de outubro de dous mil cinco.

Vigo, 6 de outubro de 2005

A SECRETARIA XERAL

M^a Teresa Iglesias Randulfe

VICERRECTORADO DE TITULACIÓNS, POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE 16